

CIRCULAR 184-2025 CONTROL FGA PC- 27/12/2025 (Xornada de mañá)

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 27 de decembro de 2025 en Expoureense (Ourense).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 12, permitíndose ós atletas Sub 12, Sub 14 e Sub 16 de último ano participar nas probas da categoría inmediatamente superior.

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 22 de decembro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) Nas probas de peso e triplo os atletas terán 4 intentos.

Art.6) Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peché da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Triplo e Peso	20'
Pértega	30'

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.



Art.7)Horario: poderá ser modificado segundo necesidades do Campionato.

HORARIO CONTROL 27/12/2025- XORNADA DE MAÑÁ				
HORA	CARREIRAS	CAT./MODALIDADE	TRIPLO	PESO
10:00		Homes	Mulleres	Mulleres
11:00	1000	Homes S12- S14-S16		
11:07	1000	Homes S12- S14-S16		
11:14	1000	Homes S12- S14-S16		
11:21	1000	Homes S12- S14-S16		
11:28	1000	Mulleres S12- S14-S16		
11:35	1000	Mulleres S12- S14-S16		
11:42	1000	Mulleres S12- S14-S16		
11:49	1000	Mulleres S12- S14-S16		
12:17	1500	Homes		
12:24	1500	Homes		
12:31	1500	Homes		
12:38	1500	Mulleres		
12:45	1500	Mulleres		
12:52	1500	Mulleres		
13:01	300	Homes S16		
13:06	300	Homes S16		
13:11	300	Homes S16		
13:16	300	Homes S16		
13:21	300	Homes S16		
13:26	300	Mulleres S16		
13:31	300	Mulleres S16		
13:36	300	Mulleres S16		
13:41	300	Mulleres S16		
13:46	300	Mulleres S16		



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA servizos@atletismo.gal ata 48 horas despois do comezo da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. Solicitudes a servizos@atletismo.gal

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 4 de decembro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo